




REGUEIFIÑAS

2021



II CONCURSO DE DEBATE ESCOLAR

INICIATIVA FINANCIADA POR:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACION

FECYT

FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

PROMOVIDA POR:

USC
UNIVERSIDAD DE SEVILLA



REGUEIFIÑAS 2021

01. QUE SON AS REGUEIFIÑAS?

As Regueifiñas son unha competición de debate escolar. Poderán participar estudantes de 4º da ESO e de 1º de bacharelato.

A competición consta de dúas fases:

• COMPETICIÓN INICIAL •

Os centros que desexen participar enviarán un vídeo onde dous equipos fagan un debate sobre un tema proposto co formato de Regueifas de Ciencia. O xurado visualizará todos os vídeos recibidos e escollerá aos dous mellores equipos (que non teñen por que ser do mesmo centro) de entre todos os participantes para competir na final. Este debate pode realizarse utilizando plataformas de videoconferencia ou similares.

• DEBATE FINAL •

Debate entre os dous equipos finalistas, retransmitido por streaming. Este debate tamén se realizará telemáticamente.

02. PREMIOS

Os dous equipos finalistas serán convidados a celebrar un debate final que será retransmitido en directo por streaming. Os dous equipos finalistas se considerarán gañadores de Regueifiñas e serán obsequiados con:

- A camiseta oficial de Regueifas.
- Unha visita moi especial aos Centros Singulares (CIMUS, CIQUS e CiTIUS)
- Un calendario de Ceos Galegos.
- Un microscopio Foldscope para eles/as e cada un dos seus compañeiros de aula.
- Unha subscrición anual para os seus centros á revista Investigación y Ciencia.
- Un kit "Youtuber" que inclúe un micrófono de condensador USB, soporte de móbil e iluminación led.

Premios ofrecidos por:

Regueifas de Ciencia, USC
e Centros Singulares
e Investigación y Ciencia.



INICIATIVA FINANCIADA POR:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACIÓN



FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

PROMOVIDA POR:



BASES

QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar estudantes que no ano académico 2020-2021 estean cursando 4º da ESO ou 1º de bacharelato. Os equipos serán preferentemente mixtos.

De non ser mixtos, deberán estar formados por dúas rapazas, pois un dos obxectivos desta actividade é fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas entre as nenas e adolescentes.

XURADO

O xurado estará formado polo comité científico organizador de Regueifas de Ciencia.

PRAZOS

Existe un prazo de preinscrición, previo ao envío dos vídeos, que comezará o 11 de febreiro de 2021 e rematará o 22 de marzo de 2021.

Aceptaranse un máximo de 30 inscricións. No caso de recibir máis de 30 inscricións, estas aceptaranse baixo os seguintes criterios:

- Unha candidatura por centro
- Orde de inscrición

Esta preinscrición realizarase neste formulario enlazado no seguinte código QR:



O prazo de recepción de vídeos estará aberto ata o 12 de abril de 2021 ás 18.00h.

A final terá lugar nunha data debidamente anunciada e consensuada cos finalistas entre o 19 de abril e o 15 de xuño.

ENVÍO DE CANDIDATURAS:

Os vídeos serán enviados ao enderezo electrónico info@regueifas.org.

Ademais de achegar os vídeos, incluírase unha listaxe dos nomes completos das persoas participantes, indicando os nomes do equipo a favor e do equipo en contra, o curso, o centro e o nome e contacto da profesora ou profesor (correo electrónico e teléfono) promotor da iniciativa.

Cada correo recibido será respondido cunha confirmación de lectura por parte da organización, o que suporá que o equipo é candidato a gañar a Regueifñas.

INICIATIVA FINANCIADA POR:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACION



FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

PROMOVIDA POR:



BASES

INSTRUCCIÓN PARA A GRAVACIÓN DO DEBATE (PRESENCIAL OU VÍA TELEMÁTICA)

Aínda que non son necesarios nin se terán en conta alardes técnicos, é requisito fundamental e excluínte que a calidade do vídeo sexa **suficiente** como para entender as/aos participantes cando falan.

SE O DEBATE SE REALIZA DE MANEIRA PRESENCIAL TODOS OS PARTICIPANTES DEBERÁN CUMPRIR COAS RESTRICIÓN E NORMATIVAS DE PREVENCIÓN SANITARIA VIXENTES NESE MOMENTO.

O debate gravado tratará sobre un dos temas das anteriores Regueifas de Ciencia ou un tema escollido polo centro, que debe ser indicado debidamente. Os debates anteriores foron:

- SON OS TRANXÉNICOS UNHA OPCIÓN VÁLIDA E SEGURA?
- DÉBESE CAMBIAR O FUSO HORARIO PARA ESPAÑA?
- ESTÁ XUSTIFICADO O USO DE ANIMAIS EN EXPERIMENTACIÓN CIENTÍFICA?
- SON COMPATIBLES CIENCIA E FE?
- PROMOVE A INDUSTRIA UNHA ALIMENTACIÓN SA?
- DEBEMOS PRIORIZAR A SEGURIDADE FRONTE Á PRIVACIDADE DIXITAL?
- DEBERÍA A CIENCIA AXUDARNOS A VIVIR PARA SEMPRE?
- DEBEMOS PERMITIR A MODIFICACIÓN XENÉTICA EN EMBRIÓN HUMANOS?
- É A ENERXÍA NUCLEAR UNHA OPCIÓN VÁLIDA E SEGURA?
- TEÑEN AS DIFERENZAS DE XÉNERO UNHA BASE BIOLÓXICA?
- ESTÁ XUSTIFICADA A MALA SONA DO EUCALIPTO?

OUTRAS IDEAS DE TEMAS A DEBATER PODEN SER: REDES SOCIAIS E PRIVACIDADE, LIBERDADE DE EXPRESIÓN, MATERNIDADE SUBROGADA, PENA DE MORTE, INTELIXENCIA ARTIFICIAL, VIDEOXOGOS, O AMOR...

INICIATIVA FINANCIADA POR:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACIÓN



FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

PROMOVIDA POR:



BASES

FORMATO DO DEBATE

O formato do debate será o mesmo que se aplica nos debates de **Regueifas de Ciencia**, é dicir, de tipo **Oxford**, aínda que con axustes en canto a bloques e tempos. O debate gravado (e tamén o debate final) ha de ter o seguinte formato:

DOUS EQUIPOS

Formados por dúas persoas que se enfrontan entre si. Cada un dos equipos debe defender diferentes posturas, un o “si” e outro o “non” á resposta inicial do debate.

MODERADOR

Haberá unha persoa moderadora, preferentemente un compañeiro ou compañeira do alumnado.

QUENDAS

Cun lanzamento de moeda por parte da persoa moderadora decidírase que equipo comeza, quen é o equipo 1 e 2 en diante.

• QUENDA INICIAL •

4 MINUTOS MÁXIMO PARA CADA ORADOR (4 INTERVENCIÓNS EN TOTAL)

• PRIMEIRA PREGUNTA / PRIMEIRO BLOQUE •

RESPOSTA EQUIPO 1: MÁXIMO 5 MINUTOS (2,5 MINUTOS POR RELATOR)

RESPOSTA EQUIPO 2: MÁXIMO 5 MINUTOS (2,5 MINUTOS POR RELATOR)

CONTRARRÉPLICA EQUIPO 1: MÁXIMO 2 MINUTOS (1 MINUTO POR RELATOR)

• SEGUNDA PREGUNTA / SEGUNDO BLOQUE •

RESPOSTA EQUIPO 2: MÁXIMO 5 MINUTOS (2,5 MINUTOS POR RELATOR)

RESPOSTA EQUIPO 1: MÁXIMO 5 MINUTOS (2,5 MINUTOS POR RELATOR)

CONTRARRÉPLICA EQUIPO 2: MÁXIMO 2 MINUTOS (1 MINUTO POR RELATOR)

CONCLUSIÓNS: 3 MINUTOS PARA CADA ORADOR (4 INTERVENCIÓNS EN TOTAL)

* NOTAS *

Os tempos indicados son tempos máximos e serán escrupulosamente medidos. Non é obrigatorio que os dous membros do equipo interveñan o mesmo número de minutos, aínda que é recomendable un reparto o máis equitativo posible.


O moderador ou moderadora non permitirá interrupcións e velará polo respecto e a boa educación nas respostas de ambos equipos.





REGUEIFIÑAS

2021



II CONCURSO DE DEBATE ESCOLAR

 WWW.REGUEIFAS.ORG 

INICIATIVA FINANCIADA POR:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACION



FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

PROMOVIDA POR:

